

O que nos mantén no xogo

Fascinante palimpsesto

MARGA ROMERO

Orhan Pamuk nunca decepciona. Sorte de contarmos entre os libros traducidos, e ben, na Editorial Galaxia, coa novela *O castelo branco*, diálogo entre culturas; coa fascinante *Istambul*; *As lembranzas e a cidade*, persoal e intransferíbel mapa dos afectos; cos obxectos de *O Museo da Inocencia*, e agora con esta historia das miles de historias que nos prenden na lectura desde o inicio de *O libro negro* até o remate. Máis de cincocentas páxinas e nada é excesivo, as palabras enrédannos neste crebacabezas que nos mantén no xogo, que nos fai atravesar polos labirintos da cidade, que se conforma como un espazo-personaxe onde alentan destinos cruzados e ocultos na outra banda do espello.

Cando o avogado Galip inicia a procura da súa muller, Rûya, vai na procura da súa propia identidade; cando na busca se fai dono da memoria-vida do xornalista Celâl desaparecido, velaí a construción do heroe, transfórmase en prisioneiro dunha historia allea, cando a obsesión da perda é tan grande que non se re-constrúe o fondo das crónicas, caemos no misterio, na trampa, que novela unha historia moito máis que policial. *O libro negro* é un palimpsesto que nos mergulla no caos tantas veces escrito, tantas veces orixinal, un libro que lemos como destinatari@s unic@s.

PAMUK, Orhan, *O libro negro* (trad. María Alonso/Bartug Aykam), Ed. Galaxia, Vigo, 2011, PVP24 €

